

## NOTIFICACIÓN

<b>Expediente</b>	<b>2019105453</b>	
<b>Asunto</b>	<b>Aprobación listaxe definitiva programa Peque-educa en igualdade verán 2019</b>	

O alcalde do Concello de Ferrol, aprobou o día 1 de xullo de 2019, a seguinte resolución:

“Tendo en conta o informe postposta con data do 28 de xuño de 2019 e que literalmente di:

“Por Decreto de data do 4 de xuño de 2019, a concelleira delegada da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller, aprobouse a realización do programa "Peque-educa en igualdade verán 2019".

Por Decreto de data do 19 de xuño de 2019, o alcalde aprobou a listaxe provisional das solicitudes presentadas para participar en dito programa, abríndose un prazo de reclamacións que rematou o 26 de xuño.

Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e resoltas as mesmas, propóñolle ao alcalde do Concello de Ferrol, que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva dos campamentos Peque-Educa en Igualdade relacionados no ANEXO I.

**Segundo.-** Aprobar a publicación da listaxe definitiva no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Ferrol ([www.ferrol.gal/Sede](http://www.ferrol.gal/Sede) electrónica/Taboleiro de Anuncios)

“

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O secretario xeral